

ISTE É O RELATO DO VIAXE QUE FIXO A TÚNEZ EN MARZO DE 1986 COS "AMIGOS DOS CASTILLOS" DE LUGO O VAINA DE PELÚDEZ.

====

Din que o burro que se afai a comer as coles, volve a elas anque o maten a paus. Eu son da mesma condición. Por eso fun a Túnez cos "AMIGOS DOS CASTILLOS", porque adoitan ir a fondas de muitas estrelas, tantas como as que eu vin o enfuciñar na escaleira dun señor Aníbal. Os que argallaron o viaxe, soup ron escoller ben a xente. Anque me da un aquel decilo, direi que hastra os homes eran xeitosos e de tan bon estómago, que algún hasta comeu un arroz encarnado. Nenas e rapazas -¡Dios as defenda pra que non se acabe o mundo!- era mui feitiñas, lotriñas ou moreniñas e tan guapas que ó velas dixeran: -Benia seña a mai que vos deu!. E ó mentar ás máis, como eran tamén tan... ¡Cala, Pelúdez, que podes descarrilar!

Metidos en dous buses collemos cara a Madril. Cos lugueses iban os ferranos amigos, que sempre nos gusta levar con nós, sobre todo ó señor MORALES, que nos sirve nas aperturas da xente pra saber do noso grupo, pois él sobresa por arriba de todas as cabezas. Pero agora xa casi nos sirve millor un sobriño, que, como non lle poñan unha pedra arriba da dél, vaise ver negro pra atopar roupa que lle sirva.

Bos buses chegamos a ASTORGA. Paramos pra, pra... ¡bueno, pró que necesitaba cada un e non era eu o menos!. Un fato de mulleres, con cara de compromiso, agadaba diante de... a oficina. Cada unha que entraba tardaba en salir máis do que tardaban tres homes. Varela Villamor expricoume que iso era porque elas teñen máis que atar e desatar.

Aliviados, e pesando menos, fomos comer a BELAVIENTE. Preguntéi no comedor: -¿Qué habrá de comida?. E díxome Pérez Carro: -Un prato sabroso: fabas. Mirando os que éramos dixo Filo López Campo ríndose: -¿Fabas?... Pois hai que tratar de saber si os coches levan ventiladores. Eu non sei por qué dixo aquilo.

Traque, traque chegamos a Madril. Non se andaba coa xente. Centos de tolos berraban, amaban estarabouzo cos autos i enxordábannos. E total, porque o Río Madril logrou unha lliga. Tén dúas anchas a Filomena e non por eso anda a berrros presumido.

A fonda en que estivemos chamábase VASINTÓN. Tiña un sitio tan estreito pra atender ás aquipaxes, que nos outros tamén andivemos sin tón nin son. Cando eu esgarecía de fame, doña Carmen Lens díxome -¡Hala, Pelúdez, vamos ó Museo!. Eu inda coa fame que tiña, non quixen ser maladucado e iba coma unha ovellina coa señora, cando non me apetecía nada ir ver pinturas ou pedras. Pero salimos, e ó mesmo lado da fonda, vin un rétalo que decía: MESON DEL JAMÓN. ¡Casi me desmayo!. Había xamóns, tantos e tan xuntos, que coído que debían de ser de porcos mortos de morte natural ou de peste africana nunha provincia enteira. Pero eu, fosen do que fosen, larpei unhas boas magras.

Na fonda adeprendín que hai muitos folgazás, pois non servían a naide. Pr tomar a parva, había que ir con un prato como se foras pedir limosna e con unha copa. ¡E eran o prato pra coller comida, si chegas a tempo, pois había quen cargaba o prato e non cargaba máis, porque os pratos non teñen fungueiros como os carros. E cando ibas a encher a copa, atopábase con que xa outros munxirar o xarabe.

Durmimos na fonda e léváronnos o airoporto de BARAXAS. ¡Con tal baraxa perdín o xogo!. Alí dentro había tantas como deben pasar as rapazas ben mantidas que teñen que meter os xamóns seus nunhos calzós ta apretados y estreitos como medias. Pra quitalos deben pasar as de San Quintín e arrincayá con eles parte do pelexo.

No airoporto xuntáronos nun recanto como quen xunta ovellas nun cortell. Volvía ter fame, e pregunteille a Lolita Suárez onde daban a cena. Ríuseme nas barbas, e díxome: -Aquí as ceñas nonas dan. Cóbrenas. Así que amañate como pide. Busca, busca onde comer, fun dar a unhas catacumbas onde me venderon un pan coa unha cousa que dixeron que era xamón, pero penso que era a suela dun zapato usado.

Deixamos pra meter no avião a equipaxe. Pasaportáronnos a nós. Sentámonos i erguémonos non sei cantas veces. Ora paramos nunha porta. Ora noutra. E por fin fixéronnos ir por un cobertizo tan longo, que eu xa pensaba que iban levarnos a pé a Túnez. ¡Entramos no avião. Unha moza zarabeta, falounos, amosando un celloco. Non lle entendín o que dixo, pero supoño que era que, si algún perdera a la prenda, alí estaba pra que a recollese. Pechados e cinchados, tiveronnos no caravillo ^{de}aparauto tanto tempo parados, que eu coidé que non podía moverse, e cando iba de dírlle ó chaufle: -Siñor, si el vehícalo no puede erguerse, nos be-